

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Na sociedade actual na que vivimos xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que nos permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas. A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación debe ir máis alá tratando que o alumnado desenvolva as competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución. A materia procurará educar ao alumnado na interacción co entorno dixital, cada vez máis presente na nosa sociedade, dun xeito crítico, ético e respectuoso cos demais. Non se poden esquecer os riscos derivados desta interacción, polo que o alumnado desenvolverá técnicas para preservar tanto a súa seguridade, coma a dos equipos e datos cos que traballa.

A proposta da materia contribuirá a desenvolver as competencias do alumnado, facendo que se enfrente a casos e situacións prácticas o máis semellantes posibles á vida cotiá. Deste xeito, potenciáranse as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros conquistados. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer as competencias matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. O alumnado profundizará nas técnicas de comunicación audiovisual, imprescindible na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora. A metodoloxía activa proposta, vai permitir transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais se consiga a resolución, con éxito, dos problemas e situacións propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, nun campo, o das tecnoloxías da información e da comunicación, que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creación e xestión de follas de cálculo	Tratamento de datos con follas de cálculo	14	16	X		
2	Creación e xestión de bases de datos	Tratamento de datos a través de bases de datos	5	8			X
3	A imaxe dixital	Edición dixital da imaxe fixa	28	46		X	
4	Seguridade na rede	A seguridade da información na rede	2	2		X	
5	A etiqueta dixital	A pegada dixital	1	2		X	
6	Programación	Desenvolvemento e programación de aplicacións informáticas	2	6			X
7	Recursos expresivos de producións dixitais	Principais recursos expresivos propios das producións audiovisuais	3	4			X
8	Creación e edición de pezas audiovisuais	Creacións audiovisuais	14	24			X
9	Presentación e documentación de proxectos	Creación da documentación de proxectos dixitais e a súa presentación	28	28	X		
10	Proxecto dixital	O alumnado elixirá profundizar nos contidos dos bloques de Programación ou de Audiovisuais á vez que desenvolve o proxecto dixital	3	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creación e xestión de follas de cálculo	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Utilizar o vocabulario específico preciso para designar as diferentes zonas da contorna de traballo e as accións máis comúns que poden realizarse nelas. Facer uso dos diversos procedementos de introdución de datos nunha folla de cálculo. Coñecer a nomenclatura básica de denominación de rangos e empregala con competencia cando se requira. Entender e usar con corrección o procedemento de inserción de funcións e a súa aplicabilidade. Empregar con axilidade as características de presentación e formato dunha folla de cálculo. Crear gráficos de diferentes tipos a partir das táboas de datos.	Realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo.	PE	90
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos.	TI	10
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos. - Emprego de fórmulas para completar de forma rápida e rigurosa as táboas que precisen dalgunha operación matemática sinxela. Manexo de rangos, mecanismos de selección de celas, procedementos de recheo e copiado de fórmulas nun conxunto de celas. Coñecemento dalgunhas das funcións de uso mais común, adquirir competencia na busca das funcións que mellor resoven un problema dado. Emprego dos diferentes tipos de referencias a celas, relativas o absolutas, con propiedade. - Modificar o aspecto dunha folla de cálculo para facela visualmente atractiva e coherente no relacionado co seu contido. Emprego dos diferentes tipos de gráficos, elixindo de forma adecuada os datos necesarios e sendo capaz de modificar as súa presentación. - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
2	Creación e xestión de bases de datos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.2. - Comprender os conceptos fundamentais relativos ás bases de datos relacionales. Coñecer a contorna de traballo das bases de datos relacionales, a estrutura interna da información en forma de táboas e os procedementos básicos de traballo con elas. Comprender a utilidade do establecemento de relacións entre táboas e utilízalas cando sexa preciso empregando os procedementos necesarios para crealas, modificalas ou eliminalas. Entender a utilidade da utilización de consultas para localizar a información desexada nunha base de datos e empregar os procedementos necesarios para efectualas con soltura.	Realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos.	PE	90
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos,	TI	10
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información. - Coñecer a organización interna da información contida nunha base de datos relacional, así como as diferentes formas de acceder a ela. Estar familiarizado coa contorna de traballo dun xestor de bases de datos (Base) e acceder ás opcións máis comúns de forma rápida e segura. - Coñecer a estrutura de táboas na que se configura unha base de datos relacional, ser capaz de crealas, modificalas, dalas formato e ordenalas. Establecer relacións entre táboas de datos diferentes e modificar ditas relacións. - Extraer información dunha base de datos a través de consultas, coñecendo os procedementos involucrados de creación e activación de consultas, de establecemento dos criterios de procura, de organización dos rexistros seleccionados e de almacenamento da consulta realizada. - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
3	A imaxe dixital	46

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1.1. - Realizar o tratamento dixital de imaxes valorando características de cor, formatos e contraste, e empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque da imaxe fixa. Coñecer os elementos crave relacionados con imaxes en formato dixital, utilizar con propiedade os conceptos nas comunicacións e elixir procedementos de operación baseados na información proporcionada polos parámetros básicos das imaxes con que se traballa. Recoñecer o software dispoñible para traballar con imaxes, e usalo con competencia. Utilizar o programa de retoque fotográfico escollido, para realizar as operacións básicas en relación a tamaño de imaxe, luminosidade e cor. Mostrar competencia no ámbito de retoque fotográfico, no relacionado co traballo con capas, máscaras, seleccións, composición fotográfica e aplicación de estilos e filtros.	Creación de fotomontaxes a partir de diferentes imaxes. Edición das imaxes ao través das ferramentas básicas do software empregado.	PE	100
CA4.1.2. - Recoñecer o software dispoñible para traballar con imaxes vectoriais, e usalo con competencia. Utilizar o programa de debuxo vectorial escollido, para realizar as operacións básicas en relación á creación de entidades ou obxectos xeométricos cunha forma, cor e dimensións características. Creación de obxectos a través das curvas de Bezier a partir dunha imaxe de mapa de bits. Crear textos e definir a liña base sobre a que se inserirán no debuxo. Distribuír, agrupar e superpoñer os obxectos nunha orde determinada. Utilizar o debuxo a man alzada como substituto das curvas Bezier para crear traxectos suavizados.	Creación de imaxes vectorias empregando as ferramentas básicas do software.		
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas. - Relación do número de píxeles, a profundidade da cor e o nivel de compresión co tamaño da imaxe e do arquivo que a contén. Modificación dos parámetros básicos dunha imaxe co programa de edición Gimp: tamaño da imaxe, tamaño de lienzo, axuste de resolución e conversión de formato. Procedementos convencionais para a modificación da luminosidade, a cor, o brillo, o contraste, o tono e a saturación. Emprego de capas, máscaras de capa, etc.. edición e modificación. Aplicación de filtros e efectos para a realización de composicións fotográficas. - Emprego do software libre Inkscape para a xeración de imaxes a partires de gráficos vectoriais. Ferramentas de edición e modificación: selección, escalado, recorte, rotación, volteo... Creación e edición de imaxes. Creación de formas xeométricas básicas e inserción de textos. Definición do tamaño da imaxe. Manexo das ferramentas de edición de obxectos, modificando parámetros coma forma, recheo, trazo, opacidade e desenfocado. Manexo das ferramentas de transformación que permitan o escalado, volteado, rotación, deformación e duplicado de obxectos. Alineado de obxectos segundo diferentes criterios. Creación de traxectos e obxectos a partires de curvas de Bezier empregando como modelo una imaxe de mapa de bits previamente importada. Aplicación de recheos degradados aos obxectos. Organización dos obxectos en niveis para a superposición duns sobre os outros. Agregar textos aos gráficos vectoriais adaptándoos a un traxecto previamente definido.

Contidos
- Resolución da imaxe e almacenamento.

UD	Título da UD	Duración
4	Seguridade na rede	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Identificar situacións que representan unha ameaza na Rede.	TI	100
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación.
- Identificación de software malicioso.
- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos.

UD	Título da UD	Duración
5	A etiqueta dixital	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Desenvolver prácticas seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	TI	100
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede. - Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría. - Pegada dixital e protección de datos persoais na rede. - Etiqueta dixital.

UD	Título da UD	Duración
6	Programación	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Identificar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	PE	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos.	Programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a un problema definido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado. - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. - Utilización de operadores. - Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos. - Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. - Utilización de librerías. - Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles. - Execución, proba, depuración e documentación de programas.

UD	Título da UD	Duración
7	Recursos expresivos de producións dixitais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	Analizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara e efectos sonoros.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade. - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias. - Raccord e ritmo na edición. - Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.

UD	Título da UD	Duración
8	Creación e edición de pezas audiovisuais	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxe	TI	100
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora.		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias. - Raccord e ritmo na edición. - Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa. - Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música. - Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.

UD	Título da UD	Duración
9	Presentación e documentación de proxectos	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.1.1. - Empregar de forma sistemática as propiedades de fontes e parágrafos, así como os estilos para organizar e estruturar un texto nun documento de Writer. Utilizar as columnas e as táboas para distribuír o contido en textos editados con Writer. Distinguir entre os diferentes tipos de vínculos que poden establecerse cos datos e gráficos que proceden dunha folia de cálculo e que se incorporan a un documento de Writer. Facer uso de elementos gráficos creados coas ferramentas que proporcionan os procesadores de texto, para enriquecer a presentación do documento. Empregar con soltura o editor de fórmulas para incorporar expresións matemáticas de certa complexidade nos textos elaborados.</p>	<p>Profundizar na aprendizaxe do procesador de texto como ferramenta habitual para a creación, modificación e reprodución de documentos.</p>	PE	90
<p>CA2.1.2. - Estar familiarizado coa contorna de traballo que ofrecen os diversos programas de creación de presentacións dixitais, así como coas operacións básicas sobre arquivos e modos de visualización. Crear as propias presentacións, empregando os recursos necesarios para incorporar nelas elementos estáticos como títulos, textos, imaxes, táboas, vídeos ou sons, modificando as propiedades que sexan necesarias para que o resultado acomódese aos requisitos establecidos previamente. Incorporar nas presentacións elementos dinámicos como hiperenlaces, botóns e animacións nos obxectos que as compoñen, valorando con espírito crítico a conveniencia ou non de facer uso delas con moderación. Preparar unha presentación para ser utilizada, seleccionando as diapositivas que se mostrarán e deseñando a transición entre as mesmas.</p>	<p>Dominar os procedementos para a introdución de datos na folia de cálculo, tanto manualmente coma empregando diferentes funcións automáticas.</p> <p>Empregar as fórmulas para completar de forma rápida e rigurosa as táboas que precisen dalguna operación matemática sencilla.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Empregar os espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando a documentación xerada.	TI	10
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. - Estilos de parágrafo e páxina. Edición e aplicación dos mesmos nos documentos. Configuración da páxina. Márxenes, encabezado, pé de páxina... Uso das posibilidades avanzadas que ofrecen os procesadores de texto: estilos, índices de contidos, táboas, saltos de liña, numeracións (ordenadas, desordenadas, en esquema)... etc. Elaboración de documentos que conteñan elementos que enriquezan o texto: imaxes, gráficos, textos artísticos, etc. Emprego e edición de táboas, uso de columnas para distribuír o texto e os elementos gráficos nun documento. Inserción e edición de formas básicas, Fontworks. Emprego do editor de fórmulas para elaborar documentos de carácter científico que conteñan expresións matemáticas. Inserción de imaxes no texto engadindo lendas ás mesmas. - Creación de presentacións a base de diapositivas incorporando en cada unha delas elementos estáticos coma títulos, diagramas, textos, imaxes, táboas, vídeos e sons. Uso de elementos dinámicos como hiperenlaces, botóns e animacións. Emprego de transicións entre diapositivas. - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
10	Proxecto dixital	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital	TI	100
CA1.2 - Deseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Deseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema		
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Documentar un proxecto dixital		
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Abordar a xestión do proxecto de forma creativa e eficaz, fomentando o traballo en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Deseño creativo de proxectos. - Estratexias de procura crítica de información. - Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases. - Documentación de proxectos. - Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitarán mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demais aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persoa como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado na creación de contidos audiovisuais. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poda ter un enfoque máis técnico ou máis artístico-creativo segundo o grupo de alumnado.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador persoal - dispositivos dixitais
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso utilizarase software libre.

Materials e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Aula virtual do centro.

Cada alumno e alumna terá acceso en todas as clases a un ordenador no que se atopan instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras sesións realizarase unha enquisa entre o alumnado que permita coñecer o punto de partida no que se atopa, e os seus coñecementos previos relacionados cos contidos a impartir na materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	14	5	28	2	1	2	3	14	28	3
Proba escrita	90	90	100	0	0	100	0	0	90	0
Táboa de indicadores	10	10	0	100	100	0	100	100	10	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	72
Táboa de indicadores	28

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: proba ou traballo evaluable. Peso no total en cada UD: 100%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Durante o curso realizarase unha proba práctica ou traballo avaliable (en función do tema) de cada un dos temas impartidos obtendo o alumno/a en cada un deles unha nota comprendida entre 0 e 10.

Ao final do primeiro e segundo trimestre a nota será a media aritmética das cualificacións obtidas nos temas impartidos ata ese momento (a nota na primeira avaliación será a obtida nos temas vistos durante a mesma, con todo, a nota na segunda e terceira avaliacións será a media dos temas vistos durante as avaliacións previas).

A nota media obtida de todos os temas poderá ser modificada nunha porcentaxe que se establecerá polo profesor/a a principio de curso (de non ser indicado o contrario, establecerase nun $\pm 20\%$) polos seguintes motivos:

- Comportamento xeral do alumno/a durante o desenvolvemento das clases. Enténdese por comportamento a súa puntualidade ao comezo de cada unha das sesións, a súa actitude e traballo na aula, a súa correcta relación tanto cos seus compañeiros/as como co profesor/a, aproveitamento do tempo...

- Emprego do material necesario para a realización das prácticas na aula: será obrigatorio asistir a clases cun pendrive persoal e intransferible e cuns auriculares que permitan seguir os videotutoriais ou os contidos dispoñibles na AV.

- Especial relevancia terá neste apartado a asistencia a clase, de tal forma que se se producisen faltas inxustificadas de forma reiterada, o alumno/a perderá toda cante cualificación positiva poida ter relativa ao seu comportamento e/ou actitude.

No caso de que un alumno/a copie nunha proba práctica ou presente un traballo plaxiado total ou parcialmente de calquera outro, automaticamente terá unha cualificación dun cero, podendo repercutir o feito de forma negativa na súa nota de avaliación (ata un 20%) ou final (ata un 15%).

As faltas de comportamento e contrarias á convivencia recollidas como tales no Proxecto Educativo de Centro serán sancionadas con ata 2 puntos na nota final da materia, en función da súa gravidade, independentemente das medidas que se tomen desde a Dirección do centro.

As porcentaxes para aplicar para o cálculo das notas do alumnado, poderán sufrir modificacións por parte do profesorado que imparte a materia para adaptarse aos cambios alleos á propia materia que poidan producirse durante o curso. Devanditos cambios serán comunicados con suficiente antelación ao alumnado para que en todo momento teñan información suficiente sobre cales son os criterios de cualificación a aplicar, e o peso de cada un deles na nota final.

Quenda de nocturno.

Nesta modalidade, optouse desde o departamento por uns criterios diferentes á hora de elaborar a nota global de cada trimestre, as porcentaxes serán os que seguen:

60% probas obxectivas.

30% traballos realizados polo alumnado.

10% traballo diario na aula e na casa.

As producións avaliáveis comunicaránse ao alumnado con suficiente antelación e procurando na medida do posible tempo na aula para a súa realización.

A elaboración da nota final ordinaria será a media das tres avaliacións, dando por superada a materia se se obtén unha puntuación maior ou igual a 5.

Criterios de recuperación:

A recuperación realizarase por cada tema impartido. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido que se indica a continuación. O alumnado que non aprobase a proba práctica dun tema poderá realizar, sempre que así o desexe, unha segunda proba, de tal forma que a nota que constará para o cálculo da nota de avaliación (ou final) será a mellor de ambas. No caso de traballos avaliáveis que teñan unha cualificación inferior a un 5, estes poderán ser revisados e presentados de novo no prazo de tempo que o profesor/a considere, pero a súa nota para o cálculo final será multiplicada por un 0,8. O alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria poderá presentarse á convocatoria extraordinaria, na que terá que realizar probas prácticas ou presentar traballos en función dos temas que non superase durante o curso. O profesor/a poderá decidir, a condición de que o comportamento e a actitude do alumno/a fosen correctos durante o curso, gardar as notas iguais ou superiores a un 5 dos temas que o alumno/a xa superase. Ditas notas extrapoláranse ao peso que eses temas teñan no exame extraordinario. Por todo iso o alumnado terá a opción de realizar unicamente a recuperación dos temas que non superara durante o curso. A nota final, sumando os temas superados durante o curso e os temas realizados na convocatoria extraordinaria deberá alcanzar o 5 para que o alumno/a supere a materia. Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria poderá realizar tarefas para preparar dita proba contando co apoio do profesor/a para resolver calquera dúbida. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No momento de presentar esta programación non hai alumnado coa materia pendente. En caso de que se incorporase durante o curso procederase da seguinte maneira:

Será o xefe do departamento quen realice tanto o seguimento da recuperación como a realización das probas que sexan necesarias.

O alumnado coa materia pendente poderá realizar as prácticas propostas na AV (para o cal será dado de alta na mesma) de tal forma que, ben a través do correo electrónico ou persoalmente, poderá solicitar apoio para resolver calquera dúbida que lle xurda durante a realización das mesmas.

Faranse tres probas obxectivas parciais, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán

publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá, de ser necesaria, unha proba obxectiva final.

A materia do curso distribuirase en tres partes, unha para cada proba parcial.

Todas as probas parciais serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

Para o cálculo da cualificación da materia pendente realizarase a media aritmética das probas obxectivas parciais, e no caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito, poderá realizar unha proba obxectiva final. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia, e darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Os contidos a impartir na materia de TIC´s II en 2º de Bacharelato son tan específicos que non se precisan coñecementos previos por parte do alumnado para que poidan abordar con aproveitamento a materia o curso que ven.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado tutor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita			X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable					X			
ET.7 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais					X	X		X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X

	UD 9	UD 10
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X
ET.6 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable		X
ET.7 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais		X

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Creatividade: desenvolvemento de producións audiovisuais.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de producións.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X	X	X

Observacións:

Non se contemplan nun principio pero calquera actividade que poida xurdir ao longo do curso deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.

A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Metodoloxía empregada
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.
 Usaranse as reunións do departamento para facer unha revisión dos indicadores de logro da materia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.
 Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.
 No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

9. Outros apartados